

## Comunicación, cidadanía e Lusofonía

Margarita Ledo Andión

Universidade de Santiago de Compostela

1. Satisfáceme especialmente a oportunidade que me ofrecen os organizadores de poder facer parte desta sesión e compartir cos colegas algúns conceptos derivados dun novo escenario, a área xeo-lingüística lusófona, composta por países do planeta –desde Galiza até Timor Leste– que están a partillar linguas pertencentes ao mesmo sistema lingüístico. Un escenario onde comunicación e cidadanía non son un efecto senón un axente para o desenvolvemento dun espazo real e virtual, para a interacción cultural ou, en verbas de Eduardo Lourenço, para un *imaxinario de pluralidade e diferenza*.

2. A nosa aproximación cara a e máis aló da Lusofonía repousa, dunha banda, nunha caste de Conexións imaxinadas tirada da coñecida análise de Anderson das *Imagined Communities* como un resultado da partilla de mensaxes e rituais.

Neste senso, unha das principais características do desenvolvemento de calquera signo identitario, mesmo a nivel teórico, é o intercambio de bens e coñecementos culturais.

Doutra banda, de acordo co último informe da UNESCO (2009), as políticas eficaces para a diversidade están interrelacionadas cos dereitos e garantías da diversidade lingüística. Para alén disto, asistimos a unha gran transformación dentro da vella orde territorial establecida, cuxa primeira manifestación é a importancia da linguaxe como marca de identidade para suliñar un novo escenario, as tamén chamadas áreas xeolingüísticas, como o lugar onde os intercambios de bens, ideas e transformacións sociais e culturais, poden virar aspectos relevantes na actual esfera pública transnacional.

3. Tendo en conta a posición Kevin Robins a propósito cidadanía cultural, a Lusofonía semella moi representativa de certas prácticas de ‘des-territorialización’ que agroman coa desaparición dos estados-nación, particularmente en Europa, para poñer en valor os procesos de *citoyenneté en act*, tal e como reclama Jacques Rancière. Por así dicilo, no interior das sociedades e mundo avante, hai unha nova caste de movementos, fluxos e

relacións, que están a definir os novos vieiros de pensamento social e as políticas culturais. Como consecuencia, un discurso de pertenza plural como o da Lusofonía, non é para nada contradictorio coa notación de cidadanías emerxentes ou mesmo coas convencionais.

Nas liñas de fuga do novo mapa, hai outros actores e regras do xogo para obxectivos comúns. Estes obxectivos comparten a base común da comunicación, que debe meditar sobre o seu papel a xogar nas necesarias transformacións cara ao que podemos denominar ‘cidadanías imaxinadas’.

Se cadra a primeira cousa a facer sexa probar a aplicabilidade desa temperá indicación de Raymond Williams ollando as palabras que mudaron o seu significado nas últimas décadas. Neste senso, unha palabra como Lusofonía está a cambiar o seu significado desde o seu contido Eurocéntrico cara a súa concepción como espazo plural e multicéntrico.

Un segundo aspecto a ter en conta é que a Xeración da Rede está máis aberta á diversidade lingüística que as súas predecesoras.

En terceiro lugar, para un debate activo, non deberamos evitar conflitos nin análises dalgunhas ideas latentes. Neste apartado, penso na importancia das políticas lingüísticas no seo das políticas de representación.

**4.** Agora, hei facer unha aproximación sintomática ao caso do galego, a partir desta cita de Akhil Gupta e James Ferguson:

*[Mais] se cuestionamos un mundo predeterminado de “pobos e culturas” separadas e discretas, e ollamos no seu lugar un conxunto de relacións produtoras de diferenzas, mudamos desde un proxecto de diferenzas preexistentes xustapostas cara a outro no que explorar a construción de diferenzas no proceso histórico.*

Se escribimos, cantamos, filmamos... Se examinamos a comunicación intercultural como un intercambio de bens que nos representan como sociedades distintas, o obxectivo prioritario vai ser polo tanto facermonos visíbeis a través dos produtos da comunicación na Lusofonía. Ao tempo, o desenvolvemento deste mercado común ten sentido para propia Lusofonía, tento en conta que, para ben ou para mal, estamos inmersos nun ámbito significativo do proceso de globalización. De acordo co profesor e experto en políticas culturais, o colombiano German Rey, “A comunicación é ao tempo un estímulo e un espazo de construción das sociedades globais”.

Dando por boa a básica función comunicativa da linguaxe, examino aquí o seu valor de identidade xunto co hipotético incremento da circulación e consumo de produtos culturais que unha linguaxe común e cercana pode promover, mesmo considerando o paradoxo de que non haxa a día de hoxe indicadores para medir eses valores.

**5.** Porque este é o estado das cousas, semella interesante falar verbo dunha investigación, actualmente en curso na USC, que ten como obxectivo descubrir as barreiras que operan na circulación de bens culturais, especialmente na adoito descoñecida produción audiovisual galega, dentro da esfera dos novos medios de consumo da sociedade en rede.

O proxecto, “Lusofonía: interactividade e interculturalidade”, no marco dun programa I+D+i, vai completar o estudo das barreiras –non só lingüísticas senón tamén antropolóxicas ou relacionadas coas políticas de comunicación- que ralentizan a accesibilidade e o intercambio da produción cultural dentro da área xeo-lingüística da Lusofonía.

No nivel operativo, a investigación artéllase a partir dunha plataforma *online* e un programa creado para estes obxectivos específicos, unha ferramenta que permite a interacción dos usuarios coas mostras clasificadas a partir de categorías de análise.

O proxecto tenta achegar novos datos arredor da comprensión e o entendemento do Galego como unha lingua e como unha cultura nun estudo de recepción. Os ‘outros’ que ollan para nós son grupos de 15 estudantes, de diferente xénero, idade e nivel de estudos, de catro universidades de fala portuguesa: Universidade da Beira Interior (Portugal), Pontificia Universidade Católica de Rio Grande do Sul (Brasil), Universidade Federal da Bahia (Brasil), e un grupo de control da Guiné-Bissau. Aceptando a realidade histórica e institucional da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal, é tamén importante subliñar que o 65% dos emigrantes españois ao Brasil son galegos.

Os grupos de recepción de cada universidade tiveron que visionar e analizar extractos de oito producións audiovisuais a través dunha plataforma *online* especificamente creada. Estas producións escolléronse dentro do cinema galego de ficción, documental, animación e drama televisivo.

6. Mesmo cando a investigación non está pechada, contamos con datos brutos que poden ser interesantes para diferentes disciplinas. Condense en catro preguntas do cuestionario respondidas polos estudantes:

1. Consideración do concepto de Lusofonía: Coñecía ou usabas este concepto? Mudou o teu concepto logo de participar nesta investigación? Afondamos na relación entre Galiza e a Lusofonía no caso daqueles estudantes que tiñan un maior coñecemento do tema.

2. Problemas de comprensión lingüística: preguntamos aos estudantes que filmes foron máis doados e cales máis complexos de comprender en termos de linguaxe.

3. Preferencias como espectadores: Cales foron as mostras preferidas? Cales gustaron menos?

4. Necesidade de subtítulo ou dobraxe para mostrar estes produtos a públicos doutros países.

Tendo en consideración as diferentes maneiras de entender esta palabra, e co obxectivo de elaborar unha definición funcional, a xeito de conclusión provisional resumo aquí a relación dos participantes da investigación co termo Lusofonía: os estudantes brasileiros amosan unha xeral ignorancia do seu significado, namentres que en Guiné-Bissau o seu coñecemento foi mediatizado por unha certa desconfianza derivada da experiencia colonial. Os parceiros portugueses coñecían o termo mais non consideraban Galiza parte da Lusofonía. Aventurando unha conclusión, esta falla de conexión entre a Lusofonía e Galiza podería ser trazada no tamén chamado ‘mito de orixe’ da lingua Portuguesa.

Tal e como o filólogo da Universidade Fluminense Xoan Lagares sostén en coincidencia, por exemplo, con Rosa Virginia Mattos e Silva, “na historia da lingüística e a filoloxía, disciplinas que debeñen hexemónicas precisamente no século dezanove, hai un compromiso ideolóxico cos procesos de construción nacional do liberalismo burgués. Partindo desta premisa, investigar a orixe das linguas serve para a delimitación do que se entende como linguaxe nacional. No caso do Portugués, podemos percibir que existe unha resistencia no recoñecemento do papel do Galego na historia da linguaxe. Se cadra esa é a razón pola que a linguaxe medieval é coñecida en Brasil como “Portugués arcaico”.

7. Esta investigación podería tamén achegar conclusión máis amplas. Trouxo o descubrimento dun ‘outro’ cercano-afastado, Galicia e idioma Galego neste caso, a non problemática partilla de variantes lingüísticas, e o interese para todos os incluídos neste grande e diverso espacio que chamamos Lusofonía.

Outra conclusión da pesquisa, desta volta positiva, é o interese que as producións galegas suscitaron nos grupos brasileiros, mesmo cando algúns estudantes eran incapaces de “situar Galiza no mapa”. É tamén digno de consideración o alto grao de familiaridade cultural para todos os grupos de recepción destes produtos e algunhas dificultades para a comprensión lingüística, nomeadamente no vocabulario, velocidade do discurso e, nun nivel inferior, diferenzas fonéticas, que recomendan o uso de subtítulos e a dobraxe.

8. No proceso desta investigación intercultural, como nos lembraba o profesor da Fluminense Xoán Lagares nunha súa intervención recén na Galiza, puidemos constatar felizmente que:

Tal e como dixo un personaxe de *Primeiras Estórias*, un conto de Guimaraes Rosa. Aconteceu: *Aquilo que nao havia, acontecia.*